

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

O CEIP Xesús Golmar está situado no núcleo urbano da vila de Lalín, un concello que conta con vinte mil habitantes aproximadamente. Acolle, ademais do alumnado da vila, a todo o alumnado transportado da súa zona e á meirande parte de alumnado inmigrante e de NEAE.

É un CEIP de tres liñas aínda que, neste momento, está funcionado con dezanove unidades de EP e nove unidades de EI.

O noso centro conta con alumnado de culturas e nacionalidades diversas, alumnado do rural e tamén da zona urbana, que se encontran totalmente integrados.

O nivel de 1º de Educación Primaria, está formado por tres grupos cun total de 68 alumnos e alumnas.

O idioma predominante tanto no alumnado coma no contorno do centro é o galego.

Materia Curso Grupos Profesor/a

Titara 1º Primaria A Ana Vanessa Ferreiro Agra

Titara 1º Primaria B Mª Isaura Baños Gándara

Titara 1º Primaria C Mª José Ferradás García

Inglés 1º Primaria A e B Ana Gaiteiro Vence

Inglés 1º Primaria C Ana González Gamallo

Ed. Física 1º Primaria A, B e C José Antonio Nercellas

Relixión 1º Primaria A, B e C Mª Carmen Ares González

Música 1º Primaria A, B e C Alejandro Piñeiro Rodríguez

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no primeiro curso da etapa, polo que conta con seis anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Traballaranse de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubro como somos	<p>Nesta unidade, trázase un itinerario que permite aos nenos e ás nenas profundar no coñecemento do propio corpo, das súas calidades e as posibilidades que ofrece para a relación coa contorna. Incídese tamén no vínculo entre o propio corpo, o benestar e as emocións que esperta nas persoas.</p> <p>Ademais, o obxectivo é que as aprendizaxes que se adquiren vaian relacionadas coa reflexión individual e colectiva sobre as persoas, as súas diferenzas, semellanzas, emocións, gustos, sentimentos.</p>	18	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubro como somos	O camiño conduce á reflexión sobre o propio corpo e sobre o proceso de adquisición de aprendizaxes que se seguiu, valorando as adquisicións e as dificultades que xurdiron.	18	18	X		
2	Sei coidar a miña saúde	Nesta unidade, incítase ao alumnado a comentar os seus coñecementos sobre a alimentación así como sobre a saúde e motívaselles a adquirir hábitos saudables . A partir desta fórmula, o eixo transversal dos contidos e as actividades será a reflexión sobre a importancia dos hábitos saudables en alimentación, hixiene, lecer e descanso, e a súa relación coa base dunha vida digna e sustentable.	16	15	X		
3	Observamos a natureza	Ao longo desta unidade sinálase a ruta que permite ao alumnado introducirse no estudo e o respecto da contorna natural e, nesa liña, do coidado e a valoración da importancia das plantas. A partir das experiencias e os coñecementos propios, suscítase a formulación de preguntas por parte dos nenos e das nenas, que servirán de punto de partida para desenvolver as actividades. Na lámina inicial, a imaxe do xardineiro entronca cos contidos prácticos da unidade, que consistirán na sementeira de sementes e na plantación en macetas.	16	18		X	
4	Gústanme os animais	Nesta unidade abórdase a observación e a valoración dos animais na contorna. Convídase o alumnado a que formule cuestións sobre eles, sobre as súas características, hábitos e necesidades e, a partir delas, abórdase o traballo co obxectivo central de desenvolver nos nenos e nas nenas o respecto pola natureza. Neste contexto, preténdese estimular a curiosidade e o interese por coñecer, experimentar e explorar a contorna como estratexia para aprender de forma cada vez máis autónoma.	18	18		X	
5	Coñecemos o que nos arrodea	Nesta unidade trátase de coñecer o mundo que nos arrodea e a de analizar os obxectos da nosa vida cotiá para identificar os distintos materiais dos que están feitos. Asimesmo identificaranse os cambios que experimenta a materia así como a procedencia dos distintos materiais.	16	18			X
6	A toda máquina	Nesta ocasión, pártese da observación dos obxectos que nos rodean e dos materiais dos que están feitos. A partir diso, incídese na conexión entre o uso, consumo e produción responsables de materiais, e a sostibilidade do planeta.	16	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A toda máquina	Paralelamente, leva a cabo a reflexión sobre os elementos e materiais, as súas características, a súa orixe e as súas aplicacións. Farase un repaso sobre as máquinas presentes na contorna, as pezas que as forman, os seus usos, etc.	16	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubro como somos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece os hábitos básicos saudables para unha mellor calidade de vida	PE	40
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece as principais partes do corpo.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distingue accións que favorezan o benestar emocional e social.	TI	60
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Sei coidar a miña saúde	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece e poñer en práctica hábitos de vida saudable.	PE	40
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñece aquelas accións que favorecen o benestar propio e dos demais		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	60
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Observamos a natureza	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	40
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Fai conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Respecta a natureza.	TI	60
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Identifica a relación da vida das persoas coas súas accións sobre o medio ambiente.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Gústanme os animais	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identifica as características e a clasificación dos animais.	PE	40
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece as relacións que existen entre os distintos tipos de animais		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Respecta a natureza.	TI	60
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece o valor positivo do contacto coa natureza e coa fauna		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Coñecemos o que nos arrodea	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Utiliza ferramentas e procesos adecuados para identificar as características dos elementos do medio natural.	PE	40
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identifica os cambios nalgún obxecto según a forza que se lle aplique		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Recoñece e identifica a regra dos 3R e asúa importancia		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula hipóteses sobre feitos ou fenómenos da natureza	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica os resultados en diferentes soportes.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións en diferentes soportes		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Adquirir unha actitude de respecto ante o medio que nos rodea.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respecta as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.
- Tipos de materiais segundo a súa orixe.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	A toda máquina	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características dos elementos do medio natural	PE	40
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Recoñece distintos tipos de máquinas según o número de pezas		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Fai predicións sobre fenómenos próximos a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información sinxela, relacionada co medio natural en diversas fontes		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en pequenos experimentos guiados		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados dunha investigación con coherencia		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Deseñar, en equipo, de forma guiada, un produto final sinxelo, usando os materiais adecuados.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolver problemas de programación simples.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Respectar as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar favorecerá a transición do alumnado entre a etapa de Educación Infantil e de Educación Primaria adoptando as medidas necesarias baseadas na información recollida nas correspondentes memorias finais, así como nos informes do alumnado elaborados ao final do curso 2022/2023. Todo isto co fin de que o acceso á nova etapa non supoña unha ruptura abrupta respecto da metodoloxía empregada durante a etapa de Educación Infantil.

A metodoloxía empregada centrarase en :

- Realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 3, 4 e 5 afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna, identificando ós seres vivos, a importancia do seu coidado e as características principais dos animais e plantas.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 1, "Como somos?" traballaremos as principais partes do corpo humano e os hábitos saudables relacionados co benestar físico. Para traballar este contido, por equipos, realizarán a súa silueta no chan, sinalarán as partes do corpo e despois terán que completar a silueta debuxando unha persoa. Ademais, realizaremos xogos de rol para identificar emocións e na asemblea compartiremos accións que favorezan o benestar físico e emocional.

- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta durante a unidade 5, e ao longo da unidade 6, analizar de que están feitos e como funcionan os seus xoguetes, deseñar un robot sinxelo e facer unha programación sinxela con ScratchJr.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos . Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

- Traballaremos empregando un modelo de aprendizaxe personalizado mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas da aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais

Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Os recursos empregados no desenvolvemento desta programación, servirán como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

1. O material utilizado será atractivo tanto estética como funcionalmente procurando ser motivador para o alumnado.
2. Os materiais serán adecuados ao momento evolutivo do alumnado e adaptados ás súas aptitudes, características e necesidades.
3. Os materiais serán asequibles e facilmente manipulables polo alumnado, de maneira que poidan utilizalo de forma autónoma e independente.
4. O material deberá potenciar e favorecer a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. É obrigatorio e necesario que o material reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. O material proporcionará os estímulos correspondentes á súa elección.
7. En todo momento se elixirá material que non favoreza actitudes de discriminación de sexo.
8. O material favorecerá no alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.
9. Traballaremos coas TIC e asistiremos á biblioteca do centro mínimo un día á semana ou sempre e cando sexa necesario.

RECURSOS PERSOAIS: Mestres, apoios de aula, PT e AL, especialistas que poidan participar en pequenas poñencias ou obradoiros,...

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto da editorial Obradoiro, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, murais, libros de consulta, material fotocopiado, xogos e material manipulativo variado.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a sala de usos múltiples, a aula de informática, e os recursos da contorna que poidan ser útiles e relevantes no desenvolvemento das unidades.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (expésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado á súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...). Propóranse actividades abondo que nos permitan coñecer realmente as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas, co fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo coma individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan de Atención á Diversidade.

Tamén avaliaremos as competencias e contidos a través de actividades como:

- Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.

- Test da figura humana.

- Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a súa contorna, como por exemplo, diferentes tipos de ecosistemas, materiais da aula, do fogar ou de obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento como por exemplo "Color-Símbolo-Imaxe".

- Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	16	16	18	16	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un so momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o de valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

*Contidos traballados na aula (40%):

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (40%)

*Actividades e tarefas de aula (40%):

- Realización das tarefas diarias (10%)

- Corrección na realización das tarefas (10%)

- Presentación do traballo limpo e ordenado, con letra lexible, e organización do material (10%)

- Autonomía no traballo (10%)

*Disposición na aula (20%)

- Atención (5%)

- Esfuerzo (5%)

- Participación e colaboración activa en traballo individual e en equipo (5%)

- Cumpre e aplica as normas socio-comunitarias (5%)

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades Didácticas que compoñen o trimestre.

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

No caso de obter un número decimal, o resultado dos cálculos redondearase cara a unidade anterior se a décima é menor de cinco e cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades

individuais de traballo.

c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.

d) A resposta educativa para a recuperación reflectirase no Plan de Traballo Individualizado.

e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

A planificación desta programación considérase aberta e flexible. En función do resultado da avaliación inicial do alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionárase aquilo que mellor poida responder aos obxectivos a acadar. Igualmente, faránse modificacións en función do progreso do alumnado ao longo do curso.

Como primeira medida de atención á diversidade na aula, propóñense actividades e tarefas nas que o alumnado porá en práctica un amplo repertorio de procesos cognitivos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren, tan só, no desenvolvemento dalgúns deles, permitindo un axuste destas propostas aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

Outra medida é a inclusión de actividades e tarefas que requirirán a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias específicas.

Poderase implementar algún tipo de medida específica de acordo coas características individuais do alumnado, de acordo coa normativa vixente e co establecido no proxecto educativo. Organizarase preferentemente a través de medidas ordinarias desde criterios de flexibilidade organizativa e atención inclusiva. Unha vez esgotadas as medidas ordinarias, se fóra necesario, poranse en marcha medidas extraordinarias que respondan ás necesidades e características individuais do alumno/a. Entre entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Asemade, para atender a diversidade curricular e cultural do alumnado, o centro conta con apoios de reforzo educativo en aula, cun grupo de desfase curricular que atende ao alumnado que así o precise cun diferente número de sesións semanais, dependendo dos casos particulares, e un grupo de adquisición de linguas para facilitar a adaptación e integración do alumnado estranxeiro.

Ademáis contamos cos recursos de PT e AL, que atenden casos específicos de ANEAE.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Educación para a paz	X		X	X	X	
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable		X			X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

A área de Ciencias Naturais será un espazo ideal para que, de xeito globalizado, se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades culturais	Asistencia a concertos didácticos que fomenten a participación e o interese por este tipo de actividades culturais.	X	X	X
Coñezo a miña vila	Diferentes actividades e obradoiros para reflexionar sobre aspectos sociais e culturais do lugar onde vivimos.	X	X	
Coidamos a contorna	Actividades para promover o coidado e o respecto pola natureza que terán como produto final unha saída a un espazo natural na que se porán en práctica os coñecementos adquiridos.			X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...			X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía:

- Actividades culturais.
- Coñezo a miña vila.
- Coidemos a contorna.

Ao longo do curso, participaremos en diferentes obradoiros que irán xurdindo por parte de diferentes persoas e entidades, e outros que se solicitarán para complementar a información e actividades das diferentes unidades didácticas.

Tamén teremos en conta as conmemoracións recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...

Asemade, participaremos en actividades que vaian xurdindo ao longo do curso que poidan ser de interese e sexan relevantes para o desenvolvemento da nosa programación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula
Queda claro o enfoque competencial e a vinculación cos ODS
Metodoloxía empregada
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización de actividades,...
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
Medidas de atención á diversidade
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación
O uso de medidas para a atención á diversidade foi axeitado.
Clima de traballo na aula
Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

A coordinación docente foi positiva

A coordinación das familias co equipo docente contribuíu á mellora do proceso de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta en esta avaliación serían os seguintes:

DESDE O PUNTO DE VISTA CURRICULAR:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
- A temporalización foi adecuada.
- A planificación permitiu flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...
- Queda claro o enfoque competencial.
- As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
- Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
- Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.
- O uso de medidas para a atención á diversidade foi axeitado.

DESDE O PUNTO DE VISTA DE DESENVOLVEMENTO DE AULA:

- Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
- A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
- As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
- Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
- A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Revisable: omítense elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.
- Óptimo: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica.

O seguimento da programación anual levarase a cabo a través da aplicación PROENS e realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

En canto aos instrumentos de seguimento, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos,

estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

Para a revisión da programación teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder ás características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
9. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Modificación ou substitución dos materiais empregados a as tarefas a elaborar.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A presente programación, será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023.

O CEIP Xesús Golmar está situado no núcleo urbano da vila de Lalín, un concello que conta con vinte mil habitantes aproximadamente. Acolle, ademais do alumnado da vila, a todo o alumnado transportado da súa zona e á meirande parte de alumnado inmigrante e de NEAE.

É un CEIP de tres liñas (catro no 3º nivel) que, neste momento, está funcionado con dezanove unidades de EP e nove unidades de EI.

O noso centro conta con alumnado de culturas e nacionalidades diversas, alumnado do rural e tamén da zona urbana, que se encontran totalmente integrados.

O nivel de 1º de Educación Primaria, está formado por tres grupos cun total de 68 alumnos e alumnas.

O idioma predominante tanto no alumnado coma no contorno do centro é o galego.

Materia Curso Grupos Profesor/a

Titora 1º Primaria A Ana Vanessa Ferreiro Agra

Titora 1º Primaria B Mª Isaura BAños Gándara

Titora 1º Primaria C Gloria Mª Isaura Baños Gándara

Inglés 1º Primaria A, B Ana Gaiteiro Vence

Inglés 1º Primaria A, B Ana González Gamallo

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!")

e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Student's e Activity Book Go Far (Ed. Richmond)
2-Xogos de mesa.
3-Posters, murais, flashcards e wordcards.
4-Materias elaborados polo docente.
5-Encerado dixital interactivo, panel dixital.
7-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
8-Videos e outros recursos da internet.
9-Rimas e cancións tradicionais

1 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Scrabble

-Pictionary

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

2 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

3- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

4- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>

- + Canva: https://www.canva.com/es_419/

- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

- + Elaboración de fichas de reforzo e ampliación para atender á diversidade dentro da aula

5- Encerado dixital / panel interactivo

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

6- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

7- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

9- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

training corner: flashcards, pictures, worksheets, different games...

ICT corner .

Dramar corner

Tarxetas, parchís, ladder and snakes, memory cards...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo para identificar as necesidades individuais de cada alumno e de cada alumna.

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronuncia, escoita e comprensión oral, así como a na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar, así como adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a súa progresión satisfactoria ao longo do proceso de aprendizaxe.

Esta avaliación inicial non se baseará nunha proba concreta, senón na observación directa por parte do profesorado, da participación do alumnado dentro das actividades plantexadas para o grupo, e rexistrando os datos observados.

Do mesmo xeito, tamén se solicitará información á titoría e ao profesorado especialista do curso anterior co que se terá unha comunicación fluída durante todo o curso.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena, e introducir as modificacións precisas na programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	5	15	5	15	15	5	15	100
Proba escrita	0	0	0	40	0	40	40	0	40	24
Táboa de indicadores	100	100	100	60	100	60	60	100	60	76

Criterios de cualificación:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe será global, continua e formativa; polo tanto, nunca se poderá axustar a un momento ou a unha proba concretas, para coñecer e valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Levarase a cabo, principalmente, a través da observación sistemática, buscando ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe

que presenta cada alumna e alumno, para deste xeito reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

Ao longo do curso, iránse introducindo técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

O logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

Contidos traballados na aula (40%):

- Responder axeitadamente, demostrando dominio dos contidos traballados.
- Probas escritas e orais.

Traballo na aula (40%)

1. Realización e corrección das tarefas diarias. (10%)
2. Presentación do traballo limpo e ordenado. Coidado do material. (10%)
3. Comprensión das instrucións dadas na LE. (10%)
4. Autonomía no traballo. (10%)

Disposición na aula (20%)

1. Pon interese e presta atención. (5%)
2. Esfuerzo na realización das actividades. (5%)
3. Participación activa nas actividades e xogos comunicativos. (10%)

Dado o carácter global e evolutivo da materia de lingua, a cualificación da media ordinaria calcularase en función da evolución do alumno/a ao longo do curso, facendo unha avaliación global e continua, e atendendo á progresión do alumno/a na materia. A nota final non será inferior á do terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado poderá ir recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Para aquel alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo e que poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible, estableceranse todas as actividades de reforzo que sexa posible para que poidan acadar os contidos básicos.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poñeranse en funcionamento as medidas ordinarias de reforzo educativo que se consideren máis convenientes.

Co obxecto de establecer un proceso que se axuste á realidade do noso alumnado e do noso centro, indícanse algunhas das medidas a empregar:

- Disposición e ubicación da aula.
- Atención individualizada e específica.
- Adaptación do tempo e ritmo de aprendizaxe
- Ofrecer variedade de actividades, xogos e recursos, asequibles a unha gran diversidade de niveis e susceptibles de ser utilizados dun xeito flexible.
- Ofrecer material diverso e chamativo coa finalidade de que se adapte ás características do alumnado, independentemente de cales sexan as súas necesidades.
- Ofrecer material visual que permita que a fase de presentación das unidades poida seguirse pola totalidade do alumnado.
- Compaxinar a realización de actividades específicas ou adaptadas coa integración no grupo a través da participación en diversas actividades, cancións...
- Realización da ACS pertinente se se considerase preciso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.				X		X		
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X			X			
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.		X		X		X		X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	

Observacións:

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido como para decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Easter....	X	X	X

Observacións:

Aproveitaranse as saídas realizadas co titor/a para a introducción e ampliación de vocabulario e expresións en LE. O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre as dúas mestras.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas.

Neste apartado "descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo, ou o emprego que lles daremos aos datos. Isto é decisión de cada mestre e

mestra, e en todo caso do claustro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

Será global, continua e formativa.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación.

Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Polo tanto, a avaliación será unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Se en calquera momento, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	50
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	51
6. Medidas de atención á diversidade	52
7.1. Concreción dos elementos transversais	53
7.2. Actividades complementarias	53
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	54
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	56
9. Outros apartados	56

1. Introducción

O CEIP Xesús Golmar está situado no núcleo urbano da vila de Lalín, un concello que conta con vinte mil habitantes aproximadamente. Acolle, ademais do alumnado da vila, a todo o alumnado transportado da súa zona e á meirande parte de alumnado inmigrante e de NEAE.

É un CEIP de tres liñas aínda que, neste momento, está funcionado con dezanove unidades de EP e nove unidades de EI.

O noso centro conta con alumnado de culturas e nacionalidades diversas, alumnado do rural e tamén da zona urbana, que se encontran totalmente integrados.

O nivel de 1º de Educación Primaria, está formado por tres grupos cun total de 68 alumnos e alumnas.

O idioma predominante tanto no alumnado coma no contorno do centro é o galego.

Materia Curso Grupos Profesor/a

Titora 1º Primaria A Ana Vanessa Ferreiro Agra

Titora 1º Primaria B Mª Isaura Baños Gándara

Titora 1º Primaria C Mª José Ferradás García

Inglés 1º Primaria A e B Ana Gaitero Vence

Inglés 1º Primaria C Ana González Gamallo

Ed. Física 1º Primaria A, B e C José Antonio Nercellas Pena

Relixión 1º Primaria A, B e C Mª Carmen Ares González

Música 1º Primaria A, B e C Alejandro Piñeiro Rodríguez

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Dentro do ensino desta área, a literatura terá un valor significativo como produto e expresión artística dunha cultura en si mesma e en relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna de Galicia, España e o mundo. Aprender e expresarse en galego e coñecer e valorar a propia literatura implica achegarse e comprender ese sistema de comunicación e de expresión, a través dos cales se transmiten e manifestan significados culturais e modos singulares para comprender e interpretar a realidade.

Así, o currículo organízase ao redor de estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler e escribir en galego, co fin de proporcionar aos alumnos ferramentas que lle permitan afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso efectivo e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas; coa capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informándose, colaborando e traballando en equipo de forma creativa e emprendedora, estando comprometidas co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mazá ou melón	Esta unidade comeza cunha unidade previa de traballo da lectoescritura. Nesta unidadeponse de relevo a utilidade da lingua en diversas situacións comunicativas e o valor evocador da lingua mediante a lectura e a comprensión dunha aventura, protagonizada polos alimentos, a partir da cal se organizan diferentes habilidades comunicativas.	12	23	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O mundo é unha pelota	Nesta unidade ponse o acento nos personaxes do conto, as súas características e os seus desexos. Os protagonistas colaboran con outros para cumprir a súa misión e, á súa vez, axudan tamén a quen atopan. A utilidade da lectura e o valor da comunicación fluída, da escoita e do respecto ás normas do intercambio comunicativo son os elementos organizadores desta aventura.	11	15	X		
3	Quica	Nesta unidade descríbese como actúan os personaxes do conto ante a adversidade e demanda información ante situacións conflitivas. Demostran valentía ao superar os seus medos e realizar preguntas para superalos. Ademais, a preocupación por cumprir un horario favorece o ser consecuentes cos seus compromisos. A partir da escoita e da interpretación das ilustracións desta aventura trabállanse diferentes habilidades comunicativas.	11	14	X		
4	Unha pesca diferente	Esta unidade parte dunha nova aventura. Teñen que exporse o significado dunha pesca diferente, dentro do contexto, e usar todo o seu enxeño para atopar palabras, relacionadas coa aventura, ordenándoas, segundo uns criterios previamente establecidos. A comprensión da lectura e o uso da lingua permitirán desenvolver habilidades comunicativas para valorar a alimentación saudable, o coidado do corpo e a axuda desinteresada e para expresar emocións.	11	15		X	
5	Demasiada présa!	Esta unidade parte dunha escena na que aparecen os alumnos desprazándose para realizar unha actividade extraescolar. De novo, será moi importante o traballo colaborativo para respectar as normas de circulación, resolver e evitar os problemas expostos na aventura. As aprendizaxes que se tratan a partir desta situación de aprendizaxe poñen de relevo o valor da lectura e da lingua.	11	15		X	
6	A casa dos animais	Esta unidade parte da ilustración sobre A casa dos animais e dun texto sobre animais, A ra Verdella. A partir da lectura dos diferentes capítulos abórdanse conceptos da lingua e desenvólvense habilidades lingüísticas que poñen de relevo a súa utilidade para comunicarse e expresarse en diversas situacións, para coñecer e comprender a contorna e para descubrir as propias emocións.	11	14		X	
7	A Senda da Auga	Esta unidade parte dunha escena	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A Senda da Auga	relacionada co conto A Senda da Auga e dun texto sobre as rutas de sendeirismo. A imaxe permite interpretar emocións e coñecer os seres vivos e a súa relación co medio. A lectura dos capítulos do conto provoca a reflexión sobre a vida do seu protagonista e a necesidade de respectar as normas de convivencia e valorar as leis da natureza. As aprendizaxes que se tratan nesta situación poñen de relevo a importancia da comunicación.	11	15			X
8	A boneca Nadia	Esta unidade parte da ilustración do conto A boneca Nadia e dun texto para reflexionar sobre os xoguetes, os museos de xoguetes e as accións solidarias. A lectura dos capítulos do conto permite valorar a amizade e a gratitude, expresar emocións e desenvolver a creatividade. Nesta situación de aprendizaxe, as habilidades lingüísticas constitúen a base para comprender as distintas nocións e os conceptos que se traballan.	11	15			X
9	Un dragón loitador	Nesta unidade pártese da ilustración do conto Un dragón loitador, na que aparece o protagonista rodeado de obxectos para reciclar; o texto Unha vida nova utiliza as palabras reutilizar e reciclar, e serve para tomar conciencia da necesidade de coidar o planeta. A lectura do conto permite facer unha reflexión sobre a contaminación polo abuso de materiais e polo ruído. A situación de aprendizaxe dá lugar a situacións comunicativas nas que destaca a utilidade da lingua e a literatura para comprendelas e expresalas.	11	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mazá ou melón	23

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Recoñecer as ideas principais en textos orais sinxelos	PE	40
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Identificar o significado de textos sinxelos adaptados a súa idade		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Comprender o contido de textos escritos sinxelos		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Respetar as distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna incluída unha primeira aproximación á linguaxe de signos	TI	60
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Utilizar as linguas da súa contorna con persoas próximas		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Empregar recursos elementais para a produción de textos orais con sentido		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respetar as normas básicas en interaccións orais		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Favorecer a comunicación mediante a lectura de textos sinxelos		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Respetar as normas básicas de funcionamento da biblioteca de aula e da do centro		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información dunha variedade de fontes, fontes dixitais e citándoas e recreándoas a través da adaptación creativa de modelos dados		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Ler textos de diferentes fontes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Compartir experiencias con comunidades lectoras de ámbito escolar		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Adquirir unha progresiva autonomía na elección de textos de lectura		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valorar os textos literarios sinxelos		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.	Usar a biblioteca de aula e a do centro como escenario de actividades literarias		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relacionar os aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.

Contidos

- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.

Contidos

- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega. - Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo é unha pelota	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Recoñecer as ideas principais en textos orais sinxelos	PE	40
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Identificar o significado de textos sinxelos adaptados a súa idade		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos escritos e multimodais sinxelos		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañada, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Producir textos literarios sinxelos		
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Utilizar estratexias elementais para producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Respetar as distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna incluída unha primeira aproximación á linguaxe de signos	TI	60
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Utilizar as linguas da súa contorna con persoas próximas		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Apreciar a información máis relevante de textos orais e multimodais		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Producir textos orais sinxelos		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desarrollar o hábito lector		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar a información dunha variedade de fontes, incluídas as fontes dixitais citándoas adecuadamente		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Buscar información, usando de forma segura as tecnoloxías dixitais		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Adquirir unha progresiva autonomía na elección de textos de lectura		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relacionar os aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de

Contidos

- xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).

Contidos

- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferenzas persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse. Os distintos tipos de agrupamento facilitará a socialización do alumnado: tarefas individuais, agrupamento flexible, parellas, pequeno grupo (3, 4 alumnos), gran grupo...

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno/a é o verdadeiro/a protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades investigativas que permitan elaborar hipóteses, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.
- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estean preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para este unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os recursos empregados no desenvolvemento desta programación, servirán como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

1. O material utilizado será atractivo tanto estética como funcionalmente procurando ser motivador para o alumnado.
2. Os materiais serán adecuados ao momento evolutivo do alumnado e adaptados ás súas aptitudes, características e necesidades.
3. Os materiais serán asequibles e facilmente manipulables polo alumnado, de maneira que poidan utilizalo de forma autónoma e independente.
4. O material deberá potenciar e favorecer a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. É obrigatorio e necesario que o material reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. O material proporcionará os estímulos correspondentes á súa elección.
7. En todo momento se elixirá material que non favoreza actitudes de discriminación de sexo.
8. O material favorecerá no alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.
9. Traballaremos coas TIC e asistiremos á biblioteca do centro mínimo un día á semana ou sempre e cando sexa necesario.

RECURSOS PERSOAIS: Mestres, apoios de aula, PT e AL, especialistas que poidan participar en pequenas poñencias ou obradoiros,...

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto da editorial Anaya, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, murais, libros de consulta, material fotocopiado, xogos e material manipulativo variado.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a sala de usos múltiples, a aula de informática, e os recursos da contorna que poidan ser útiles e relevantes no desenvolvemento das unidades.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

A avaliación inicial realizarase polo equipo docente do alumnado durante o primeiro mes do curso escolar, e terá en conta:

*A análise dos informes persoais da etapa ou do curso anterior.

*Outros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou a alumna inicia as novas aprendizaxes.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (expresase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado á súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...). Proporanse actividades abondo que nos permitan coñecer realmente

as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas, co fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo coma individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan de Atención á Diversidade.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un so momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o de valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

*Contidos traballados na aula (40%):

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (40%)

*Actividades e tarefas de aula (40%):

- Realización das tarefas diarias (10%)

- Corrección na realización das tarefas (10%)

- Presentación do traballo limpo e ordenado, con letra lexible, e organización do material (10%)

- Autonomía no traballo (10%)

*Disposición na aula (20%)

- Atención (5%)

- Esfuerzo (5%)

- Participación e colaboración activa en traballo individual e en equipo (5%)

- Cumple e aplica as normas socio-comunitarias (5%)

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades Didácticas que compoñen o trimestre.

No caso de obter un número decimal, o resultado dos cálculos redondearase cara a unidade anterior se a décima é menor de cinco e cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Dado o carácter global e evolutivo da materia de lingua, a cualificación da media ordinaria calcularase en función da evolución do alumno/a ao longo do curso, facendo unha avaliación global e continua, e atendendo á progresión do alumno/a na materia. A nota final non poderá ser inferior á nota do terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflectirase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
 - O nivel de coñecementos.
 - O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

A planificación desta programación considérase aberta e flexible. En función do resultado da avaliación inicial do alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionárase aquilo que mellor poida responder aos obxectivos a acadar. Igualmente, faránse modificacións en función do progreso do alumnado ao longo do curso.

Como primeira medida de atención á diversidade na aula, propóñense actividades e tarefas nas que o alumnado porá en práctica un amplo repertorio de procesos cognitivos, tales como identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear, etc., evitando que as situacións de aprendizaxe se centren, tan só, no desenvolvemento dalgúns deles, permitindo un axuste destas propostas aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

Outra medida é a inclusión de actividades e tarefas que requirirán a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias específicas.

Poderase implementar algún tipo de medida específica de acordo coas características individuais do alumnado, de acordo coa normativa vixente e co establecido no proxecto educativo. Organizarase preferentemente a través de medidas ordinarias desde criterios de flexibilidade organizativa e atención inclusiva. Unha vez esgotadas as medidas ordinarias, se fóra necesario, poranse en marcha medidas extraordinarias que respondan ás necesidades e características individuais do alumno/a. Entre entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Asemade, para atender a diversidade curricular e cultural do alumnado, o centro conta con apoios de reforzo educativo en aula, cun grupo de desfase curricular que atende ao alumnado que así o precise cun diferente número de sesións semanais, dependendo dos casos particulares, e un grupo de adquisición de linguas para facilitar a adaptación e integración do alumnado estranxeiro.

Ademáis contamos cos recursos de PT e AL, que atenden casos específicos de ANEAE.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde	X
ET.6 - Educación emocional	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

Certos elementos transversais estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, outros contidos serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades culturais	Asistencia a concertos didácticos que fomenten a participación e o interese por este tipo de actividades culturais.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Coñezo a miña vila	Diferentes actividades e obradoiros para reflexionar sobre aspectos sociais e culturais do lugar onde vivimos.	X	X	
Coidamos a contorna	Actividades para promover o coidado e o respecto pola natureza que terán como produto final unha saída a un espazo natural na que se porán en práctica os coñecementos adquiridos.		X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar: Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula
Queda claro o enfoque competencial e a vinculación cos ODS
Metodoloxía empregada
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización de actividades,...
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente
Medidas de atención á diversidade
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación
O uso de medidas para a atención a diversidade foi adecuado

Clima de traballo na aula
Os alumnos sentíronse motivados durante o proceso
A convivencia na aula e as relacións van avanzando progresivamente
A coordinación das familias co equipo docente contribuíu á mellora do proceso de ensinanza aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación docente foi positiva

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta en esta avaliación serían os seguintes:

DESDE O PUNTO DE VISTA CURRICULAR:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
- A temporalización foi adecuada.
- A planificación permitiu flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...
- Queda claro o enfoque competencial.
- As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
- Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
- Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.
- O uso de medidas para a atención á diversidade foi axeitado.

DESDE O PUNTO DE VISTA DE DESENVOLVEMENTO DE AULA:

- Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
- A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
- As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
- Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
- A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Revisable: omítense elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador.
- Óptimo: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Modificación ou substitución dos materiais empregados a as tarefas a elaborar.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica.

O seguimento da programación anual levarase a cabo a través da aplicación PROENS e realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

En canto aos instrumentos de seguimento, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

Para a revisión da programación teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder ás características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
9. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

1. Introducción

O CEIP Xesús Golmar está situado no núcleo urbano da vila de Lalín, un concello que conta con vinte mil habitantes aproximadamente. Acolle, ademais do alumnado da vila, a todo o alumnado transportado da súa zona e á meirande parte de alumnado inmigrante e de NEAE.

É un CEIP de tres liñas aínda que, neste momento, está funcionado con dezanove unidades de EP e nove unidades de EI.

O noso centro conta con alumnado de culturas e nacionalidades diversas, alumnado do rural e tamén da zona urbana, que se encontran totalmente integrados.

O nivel de 2º de Educación Primaria, está formado por tres grupos cun total de 68 alumnos e alumnas.

O idioma predominante tanto no alumnado coma no contorno do centro é o galego.

Materia Curso Grupos Profesor/a

Titara 1º Primaria A Ana Vanessa Ferreiro Agra

Titara 1º Primaria B Mª Isaura Baños Gándara

Titara 1º Primaria C Mª José Ferradás García

Inglés 1º Primaria A, B Ana GAiteiro Vence

Inglés 1º Primaria A, B Ana González Gamallo

Ed. Física 1º Primaria A, B e C José Antonio Nercellas Pena

Relixión 1º Primaria A, B e C Mª Carmen Ares González

Música 1º Primaria A, B e C Alejandro Piñeiro Rodríguez

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: sentido numérico

Bloque 2: sentido da medida

Bloque 3: sentido espacial

Bloque 4: sentido alxébrico

Bloque 5: sentido estocástico

Bloque 6: sentido socioafectivo

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A concepción das unidades que se presentan interconectan os diferentes sentidos matemáticos, de tal xeito que son abordados de forma progresiva e en espiral ao longo de todo o curso e etapa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ordeno la clase	A primeira proposta didáctica parte dunha situación de aprendizaxe na que se propón elaborar unha lista de tarefas para manter limpa e ordenada a aula. Os saberes básicos a traballar son os números ata o 5, orden, descomposición e comparación. Conceptos matemáticos coma dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe.	9	15	X		
2	Me muevo y me oriento	Na segunda unidade didáctica pártese dunha situación de aprendizaxe na que terán que enumerar cousas que os fagan sentirse ben. Os contidos que se traballarán son: os números ata o 9 (conteo, orde e descomposición). Conceptos matemáticos coma igual-distinto, esquerda-dereita. Percorridos en reixa.	9	15	X		
3	Me cuido	A terceira unidade parte da importancia do aseo para manterse saudable. Como tarefa final terán que inventar un slogan coas cousas que fan para manterse saudables. Os saberes básicos desta unidade son: O número 10, a decena, a suma e figuras planas. Tamén se traballará a resolución de problemas relacionados coa vida cotiá, así como o cálculo mental e o razoamento lóxico.	9	15	X		
4	Respiramos aire limpio	Na unidade didáctica 4 pártese dunha situación de aprendizaxe relacionada coa súa vida, "Ir ao cole camiñando, en bici ou	9	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Respiramos aire limpio	patinete para manter o aire limpo. Os contidos básicos serán os números ata o 19, conteo, orde e descomposición. A resta, comparación de lonxitudes, pesos e de capacidades. A resolución de problemas e o cálculo mental tamén serán contidos abordados.	9	15	X		
5	Mi mascota cumple años	Ter mascota é unha gran responsabilidade. Esta será a situación de aprendizaxe da que se partirá para motivar ao alumnado. a tarefa final será o deseño dunha chapa co nome e idade da súa mascota. Os contidos básicos desta unidade son os números ata o 29, conteo, orde e descomposición. Conceptos maior que -menor que, tipos de liñas, sumar contando cara diante e restar contando cara atrás. A resolución de problemas e o cálculo mental.	8	15		X	
6	Veo formas en la naturaleza	A situación de aprendizaxe da que imos partir será recoñecer e crear sinais que indique o que debemos facer para coidar a natureza. os contidos que se van traballar son os números ata o 39, conteo, orde e descomposición, o anterior e o posterior, sumar e restar por descomposición, figuras planas e os seus lados e como en todas as unidades, resolución de problemas e cálculo mental.	8	15		X	
7	Mido distancias	A situación de aprendizaxe para esta unidade é a utilización do noso corpo ou de distintos elementos da contorna como ferramenta de medida. Os contidos a traballar son: os números ata o 59, conteo, orde e descomposición, suma en vertical, medir lonxitudes con unidades non convencionais (palmo, pé e paso). O cálculo mental e a resolución de problemas.	8	15		X	
8	Uso un vaso en cada caso	A situación de aprendizaxe da que se parte nesta unidade é a utilización de auga de xeito responsable. Terán que elixir os recipientes axeitados para non desperdiciar auga. Os contidos para traballar nesta unidade son: os números ata o 79, conteo, orde e descomposición, resta en vertical, comparar capacidades, trasvases, resolución de problemas de comparación e cálculo mental.	8	14		X	
9	Cuento y reutilizo	A importancia da reciclaxe como situación de aprendizaxe e como tarefa final facer manualidades con material de refugallo, dando deste xeito outro uso a cousas que se ían tirar.	8	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Cuento y reutilizo	Os contidos básicos son: os números ata o 99, conteo, orden e descomposición, repaso de números, sumas e restas, pictogramas, gráficos de barras, resolución de problemas e cálculo mental.	8	14			X
10	Calculo con mi máquina	A situación de aprendizaxe é inventar e construír unha máquina para calcular que sexa sostible, e funcione sen pilas nin enchufes. Probaremos como funciona cos contidos a traballar que serán: os signos <>, sumar tres números dunha cifra, suma levando, moedas e billetes, resolución de problemas e cálculo mental.	8	14			X
11	Un día para celebrar	Nesta unidade didáctica terán que investigar sobre as festas da localidade e sinalalas nun calendario como situación de aprendizaxe inicial. Os contidos serán: repaso de número e operacións, sumar tres números levando, medir o tempo, conceptos temporais (onte, hoxe, mañá), o calendario, resolución de problemas de cambio e cálculo mental.	8	14			X
12	Es tiempo de cuidar el mar	A situación de aprendizaxe parte da importancia de coidar os mares e os océanos. A tarefa final será decorar o centro con gotas de auga que conteñan mensaxes para coidar os nosos mares. Os contidos a traballar son: os números ordinais, relacionar as partes e o todo, o reloxo de agullas e o dixital, resolución de problemas de comparación e cálculo metal.	8	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ordeno la clase	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer elementos matemáticos a través de experiencias propias	PE	40
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer vocabulario matemático básico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir rutinas empregando o pensamento computacional		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter solucións de forma guiada		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer a linguaxe matemática referida a números e operacións na vida cotiá		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para poder resolvelos mási facilmente		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Cumpre responsabilidades nos traballos en grupo	TI	60
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos matemáticos		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas noutras áreas		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma

Contidos

- unidade en situacións diversas da vida cotiá.
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Me muevo y me oriento	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer elementos matemáticos a través de experiencias propias	PE	40
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer vocabulario matemático básico		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir rutinas empregando o pensamento computacional		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir rutinas empregando o pensamento computacional		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer a linguaxe matemática referida a números e operacións na vida cotiá		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	1.1 Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros	TI	60
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	1.3 Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para poder resolvelos mási fácilmente		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Cumpre responsabilidades nos traballos en grupo		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar con respecto no traballo en equipo		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos matemáticos		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante retos matemáticos e non frustrase ante o erro		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas noutras áreas		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Magnitude

Contidos

- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Medición
- Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Me cuido	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próximas ó alumno	PE	40
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números e operacións ligadas á súa vida cotiá		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Usar estratexias varias para a resolución de problemas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos e comprobación de resultados	TI	60
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas en experiencias propias		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Aplicar experiencias propias a elementos matemáticos		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante os retos evitando a frustración		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
